

RADIO VIGO. 90 ANOS DE HISTORIA DA CIDADE(1934-2024)



ASER ÁLVAREZ GONZÁLEZ

SINOPSE

"RADIO VIGO. 90 ANOS DE HISTORIA DA CIDADE"

Na procura da palabra axeitada


Queremos atopar unha palabra para definir a relación entre a radio e a audiencia. Non somos da familia, pero a radio vai connosco no móbil e no coche, e deixámola entrar na casa con tal confianza que coñece até a nosa cocíña, baño e dormitorio. Non é cousa de días, semanas ou meses. A relación de Radio Vigo cos oíntes fai xa noventa anos e aínda seguimos na procura da palabra axeitada. A radio na II República, coas súas esperanzas e convulsións; durante o golpe de estado militar, a guerra civil, a represión franquista e a ditadura; na chegada da democracia, da autonomía e do progreso social; no delirio dunha burbulla financeira que levou a unha crise global, ou durante esa pandemia que parou o mundo facéndonos reparar na nosa propia fragilidade. Houbo mudanzas na fisionomía de Vigo e na propia localización da emisora, nos hábitos da xente, no urbanismo, na sociedade, na economía e na cultura. Levamos xa case un século de convivencia, vibrando e respirando canda a radio, en horas, minutos e segundos, coma un corazón que latexa e sintoniza coa enerxía de Vigo e das Terras de Turonio. Despois de noventa anos de vida canda catro xeracións de oíntes, seguimos na procura da palabra que mellor defina nosa relación. Nesta exposición multimedia, organizada arredor das catro sedes que tivo a radio, descubrimos os rostros, os obxectos, as historias e as voces dalgunhas das persoas que estiveron, están e van estar ao noso carón para informarnos entreternos e acompañarnos. A ver se así, entre todas e todos, damos por fin coa palabra axeitada...

Aser Álvarez. Comisario da exposición....



Editora	ARRAIANOS EDICIONS
Materia	FOTOGRAFÍAS HISTORIA
Colección	VARIOS
EAN	9788492425471
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páxinas	110
Tamaño	210x210x7 mm.
Peso	410
Prezo (Imp.inc.)	15,00€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	17/03/2025

Títulos relacionados



CELSE EMILIO FAI 100 ANOS (INCLUE CD)
VV.AA.



100% CEF. HOMENAXE A CELSO EMILIO FERREIRO (DOBRE DVD)
ASER ÁLVAREZ



NON HAI ESPELLOS NOS MANICOMIOS. ANTONIO TIZON BIOGRAFIA..
AA.VV.



CARVALHO CALERO SEN FRONTEIRAS (INCLUE CD) FOTOBIOGRAFIA
AA.VV.